



## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU88020:26  
SITUACIÓN: ALFREDO BRAÑAS,1-2ºB - LUGO

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de Lugo de data 22 de agosto de 2018 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU88020:26, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adjudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado unicamente presentou a solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don/a PABLO DAVID DIAZ VALCARCEL e dona ERIKA REVALDERÍA BARREIRO (núm. de credencial 83236), que, logo da oportuna comprobación, cumpren os requisitos esixidos para ser designado/a adquirente.

Polo tanto, en uso das súas competencias atribuídas, o xefe territorial

ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.
2. Declarar directamente adquirentes a don/a PABLO DAVID DIAZ VALCARCEL e dona ERIKA REVALDERÍA BARREIRO (núm. credencial 83236)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 17 de setembro de 2018.

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Javier Arias Fouz

(Asinado electronicamente).

